



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

MC 201.216

COMUNICACIÓN PREVIA/DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O EXERCIZO DE ACTIVIDADE ECONÓMICA, EMPRESARIAL, PROFESIONAL, INDUSTRIAL OU COMERCIAL, SEN CAMBIO DE USO, NUN ESTABLECEMENTO QUE NON PRECISA A REALIZACIÓN DUNHA OBRA.

DATOS DO COMUNICANTE (1):

NOME E APELIDOS/ RAZÓN SOCIAL:

DNI/NIF/CIF/NIE:

ENDEREZO:

C.P.:

IDENTIDADE DO/A REPRESENTANTE LEGAL (de se-lo caso):

DNI/NIF/CIF/NIE:

ENDEREZO:

C.P.:

ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS:

C.P.:

TFNO.:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

Ante ese Concello comparece e DÍ:

Primeiro.- que, de conformidade co disposto no art. 23 e ss. da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no art. 9 e ss. do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, no art. 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no art. 360 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento que desenvolve a indicada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e concordantes, ponse no coñecemento dese Concello que, o día (2) iniciará o exercizo da actividade de:

Epígrafe I.A.E.:

, a localizar en:

(Rúa, praza, lugar, núm., andar,...)

Finca catastral núm.:

Finca rexistral núm.:

Referencia ou nome comercial do establecemento:	
---	--

DESCRIPCIÓN E ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN PREEXISTENTE REFERIDA AO EDIFICIO:

Licenza de primeira ocupación/utilización do edificio (núm. do expediente, copia, exhibición, etc.). Caso de ignorar a data de outorgamento, facilitar os datos do promotor e o ano da construción:

Licenza municipal ou comunicación previa referida á obra ou á apertura anterior que ampara o acondicionamento existente (data de outorgamento ou presentación, órgano outorgante, etc.):

En defecto de licenzas, acreditación da data da construción e da finalización das obras por medio válido en dereito (escritura da propiedade, información catastral, documentación gráfica Google Earth / Goolzoom...) para avaliar o posible carácter tradicional / prescrición de infraccións, etc. :

Segundo.- que, a tal efecto, xunta a documentación esixida polos arts. 24.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, e 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, en relación co art. 364.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro que, de seguido, se relaciona (riscar cun "X" a documentación concreta que se presenta):

- memoria explicativa da actividade (detalle dos aspectos básicos referidos á localización e ao establecemento), coa expresa manifestación do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- declaración do titular da actividade ou do establecemento, de se-lo caso, suscrita por técnico competente, relativa a que cumpre con todos os requisitos para o exercizo da actividade, e de que o local e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no Plan Xeral de Ordenación Municipal (B.O.P. núm. 171/2013, do 6 de setembro).
- reportaxe fotográfica da situación actual do establecemento (suscrita polo comunicante e, de se-lo caso, polo técnico proxectista).
- o proxecto e a documentación técnica (redactado/a e asinado/a por técnico competente) que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación. A estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto así como determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial apllicable, segundo o regulado na normativa de aplicación.
- documentación derivada da tramitación ambiental, no caso de requirila o uso ao que se destinen as obras:
 - *Autorización ambiental integrada*, nos supostos do art.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de Prevención e control integrados da contaminación.
 - *Declaración de impacto ambiental ou informe de impacto ambiental*, nos supostos do art.7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental.

- *Declaración de incidencia ambiental*, nos supostos do art. 33 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Ésta acompáñase, ademais, de:
 - copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico responsable que sirve de base á avaliación ambiental.
 - certificación do técnico facultativo que autorice o proxecto, de que éste cumpre coa normativa técnica de aplicación.
- as autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o exercizo/desenvolvemento da actividade.
- no seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro.

Terceiro.- que, ao efecto de dar cumprimento ao art. 11 e concordantes do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre Contaminación acústica de Galicia (riscar cun "X" a opción que corresponda):

- achega un informe avaliador da contaminación acústica (que cumpre os requisitos esixidos polo art. 12 do mesmo, e está elaborado a partir de medicións realizadas no local) que, partindo da clasificación de actividades recollida no apartado A do Anexo do indicado Decreto, acredita a observancia dos valores de illamento indicados no apartado B do nomeado Anexo (illamento a ruído aéreo respecto a vivendas lindeiras, illamento a ruído aéreo da fachada, illamento a ruído de impactos,...).
- manifesta que, a actividade sinalada, producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 db, ou a 70 db en caso de se desenvolver en área acústica clasificada como sector do territorio con predominio do solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica, en aplicación do art. 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído.

Cuarto.- que, a actividade que se declara nesta comunicación previa non está sometida a licenza/autorización, toda vez que non concorre a casuística consagrada no art. 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Quinto.- que, coñece o contido da indicada Lei 9/2013, do 19 de decembro, especialmente, os seus artigos 23 a 60, así como as súas Disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e finais; así como a normativa regulamentaria que a desenvolve.

Sexto.- que, coñece que a persoa titular da actividade en cada momento é responsable do mantemento no tempo dos requisitos que a mesma ten que cumprir cando se presentou a comunicación previa, así como da adaptación aos novos requisitos que posteriores normativas establezan.

Igualmente, coñece que a persoa titular da actividade debe poñer en coñecemento do órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento, incluídas as modificacións que se realicen, de acordo co previsto polo art. 12.4 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, para a súa adaptación aos novos requisitos que posteriores normativas establezan.

Tamén coñece que será necesaria unha nova comunicación previa co contido establecido polo artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, nos seguintes casos:

- a) modificación da clase de actividade.
- b) cambio de localización, sen prexuízo do disposto na alínea b) do seu artigo 10.
- c) reforma substancial dos locais ou instalacións.

Coñece, asimesmo, que será necesaria unha nova comunicación previa cando se pretenda realizar calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento, aínda que, neste caso, coa comunicación previa só haberá que achegar os datos e documentos vinculados especificamente ao cambio proxectado.

Sétimo.- que, coñece que deberá expoñer unha copia selada da comunicación previa relativa á apertura do establecemento nun lugar visible e de fácil acceso.

Oitavo.- que, de conformidade co disposto no art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade (civil, penal e/ou administrativa, pola eventual inexactitude, falsidade ou omisión esencial en calquera dato, manifestación ou documento) que os datos declarados son certos, e que cumpre cos requisitos establecidos na normativa urbanística e sectorial vixente para acceder ao recoñecemento deste dereito ou facultade, ou para o seu exercizo (co compromiso de adoptar as medidas correctoras legal e regulamentariamente exigibles, así como a acomodarse continuamente á observancia das esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor así como á obtención das autorizacións e rexistros sectoriais que resulten necesarios), así como que dispón da documentación que así o acredita, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou ao exercizo da actividade, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas o Concello.

Noveno.- que, aos efectos da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, autoriza ao Concello de A Estrada, para a comprobación telemática con outras Administracións Públicas relativa aos datos declarados e demais circunstancias referidas ao obxecto desta comunicación previa.

Na Estrada, a dede 201....
(*sinatura*)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE A ESTRADA.

NOTAS ACLARATORIAS:

(1) Xuntarase fotocopia do DNI/NIF/NIE do solicitante, si se trata dunha persoa física. De tratarse dunha persoa xurídica, do Código de Identificación Fiscal, do DNI/NIF/NIE dos administradores e/ou representantes legais, e da escritura de constitución/fundación da sociedade/entidade e de cantas modificacións posteriores se produciran.

.....

(2) De non concretarse, o inicio da actividade por parte do interesado presumirase referenciado á data de presentación ante o Concello desta comunicación previa/declaración responsable.
